

# **POLA SEGURIDADE DE TODOS**

31-8-2021



**USA MASCARILLA  
DE PROTECCIÓN**



**MANTÉN A DISTANCIA  
DE SEGURIDADE**

**CURSO  
21-22**

## **PLAN DE CONTINXENCIA CPI UXIO NOVONEIRA**



**RESPECTA OS  
AFOROS MARCADOS**



**TEMOS XEL  
HIDROALCOHÓLICO  
A TÚA DISPOSICIÓN**



**EVITA TOCAR A CARA,  
BOCA, NARIZ É OLLOS**

Plan de continxencia ante un posible abrocho provocado pola situación da COVID-19 | Equipo COVID do CPI Uxío Novoneira (Pedrafita do Cebreiro)

O Plan de Continxencia do centro educativo CPI Uxío Novoneira ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO**

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se **atopen en illamento** por diagnóstico de COVID-19, **ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito** con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que **comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro** educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual (Aula COVID ubicada na secretaría do centro), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. O docente acompañante fará uso dunha máscara FFP2 e no caso de nenos/as que non poidan facer uso da máscara, tamén se usará pantalla protectora facial e bata desbotable.

No caso de que coincidisen máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa COVID-19, os restantes casos agardarán nun lugar cuberto exterior acompañados por un docente.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.**



**5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. **Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC** para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho. Unha vez confirmado un caso o equipo COVID notificará ao persoal e ás familias dos contactos estreitos a necesidade de illarse seguindo o modelo do ANEXO 1.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación a través da Central de seguimento de contactos determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.**

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o

pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia a través da aula virtual de cada grupo e da plataforma WEBEX. Os contidos dispoñibles serán achegados polo profesorado facendo uso da aula virtual e do libro de texto ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. O **horario** será de **obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado**, e referencia para as familias; este horario non obrigará ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible. Respetará un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.

Garantirase en todo momento a **atención a diversidade do alumnado** para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades.

12. O equipo COVID do centro identificará ao **alumnado que teña dificultades de conexión ou falta de equipamento** para que a consellería adopte medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Cando todo o alumnado conte coa dotación necesaria para seguir coa ensinanza a distancia o titor/a de cada grupo fará unha **reunión nunha hora que facilite a presenza das familias** para informar sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) A dirección enviará comunicación ao alumnado e familias afectadas a través de ABALARMOBIL e poñerase a marcha a/as aula/a virtuais necesarias, así como a plataforma de videoconferencias (WEBEX) para continuar coas clases segundo o recollido nos horarios horarios recollidos neste apartado.
- b) Traballo a través da **aula virtual** do centro para Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria. En Educación Infantil tamén se fará uso da aula virtual para proporcionar as actividades que se organizarán a través de videochamadas semanais coas familias e alumnado.
- c) **Correo electrónico, Mensaxería Abalar e/ou mensaxería instantánea** para:
- Comunicación semanal coas familias
  - Consulta e resolución de dúbidas
  - Envío de traballos.
- d) **Videochamadas/Webex** semanais de forma individual e/ou grupal en Educación Infantil.
- e) **Webex** para as actividades lectivas do alumnado de Primaria e ESO. Establecerase diariamente polo profesorado o control de asistencia do alumnado mediante as ferramentas habituais.

No caso do alumnado de ESO que teña que permanecer illado sen o peche da súa aula ou do centro tamén se fará uso de WEBEX para o seguimento das clases.

## HORARIOS PARA A ENSEÑANZA NON PRESENCIAL

No caso de ESO a duración das sesións que será do 60% das presenciais (30 minutos cunha marxe de ata 10 minutos para a conexión, que será normalmente menor polo baixo número de alumnado).

### 1º ESO

	LUNS		MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	MATEM.	9:00-9:45	E.F.	MATEM.	Xª/Hª	MATEM.
9:50-10:40	LC	9:45-10:30	L.C.	E.F.	BIO/XEO	BIO/XEO
10:40-11:00	RECRO	10:30-11:15	L.G.	L.G.	L.C.	INGLÉS
11:00-11:50	V.C.	11:15-11:35	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
11:50-12:40	TITORIA	11:35-12:20	FRANCÉS	Xª/Hª	L.G.	L.C.
		12:20-13:05	BIO/XEO	INGLÉS	PLÁSTICA	Xª/Hª
		13:05-13:25	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
		13:25-14:10	MATEM.	BIO/XEO	MATEM.	L.G.
		14:10-14:55	PLÁSTICA	FRANCÉS	INGLÉS	H.S.

### 2º ESO

	LUNS		MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	Xª/Hª	9:00-9:45	L.C.	L.G.	FRANCÉS	TECNO
9:50-10:40	MATEM.	9:45-10:30	E.F.	MATEM.	E.F.	MATEM.
10:40-11:00	RECRO	10:30-11:15	INGLÉS	INGLÉS	FÍSICA Qª	MÚSICA
11:00-11:50	V.C.	11:15-11:35	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
11:50-12:40	TITORIA	11:35-12:20	FÍSICA Qª	FÍSICA Qª	MÚSICA	OBRAD. IG.
		12:20-13:05	Xª/Hª	L.C.	L.C.	INGLÉS
		13:05-13:25	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
		13:25-14:10	TECNO	TECNO	L.G.	FRANCÉS
		14:10-14:55	MATEM.	Xª/Hª	MATEM.	L.G.

### 3º ESO

	LUNS		MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	CUCA/FR	9:00-9:45	MATEM.	EF	TECNO	BIO/XEO
9:50-10:40	F Y Qª	9:45-10:30	L.G.	INGLÉS	L.C.	Xª Hª
10:40-11:00	RECRO	10:30-11:15	TECNO	MATEM.	EPVA	MATEM.
11:00-11:50	V.C.	11:15-11:35	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
11:50-12:40	TITORIA	11:35-12:20	INGLÉS	CUCA/FR	Xª Hª	EPVA
		12:20-13:05	MÚSICA	BIO/XEO	MATEM.	L.G.
		13:05-13:25	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
		13:25-14:10	Xª Hª	L.C.	E.F.	INGLÉS
		14:10-14:55	FÍSICA	MÚSICA	L.G.	LC

### 4º ESO

	LUNS		MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	BIO/XEO	9:00-9:45	INGLÉS	FÍSICA Qª	FÍSICA Qª	Xª/Hª
9:50-10:40	L.G.	9:45-10:30	TICS	L.G.	TICS	TICS
10:40-11:00	RECREO	10:30-11:15	L.C.	L.C.	LATÍN	BIO/XEO
11:00-11:50	V.C.	11:15-11:35	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11:50-12:40	TITORIA	11:35-12:20	Xª/Hª	MATEM.	MATEM.	MATEM.
		12:20-13:05	MATEM.	Xª/Hª	L.G.	L.C.
		13:05-13:25	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
		13:25-14:10	FÍSICA Qª	LATÍN	INGLÉS	E.F.
		14:10-14:55	LATÍN	BIO/XEO	E.F.	INGLÉS

### PT

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 - 10:20	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
10:20 - 11:10	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO	APOIO
11:10 - 11:25	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11:25 - 12:15	VALORES 4º	APOIO	APOIO	CCSS	CCSS
12:15 - 12:50	VALORES 1º 2º	CCSS	TITORÍA	APOIO	
13:05 - 13:40					

O profesorado tamén manterá a hora de titoría coas familias que aparece nos horarios recollidos en XADE e no DOC do centro:

Profesor/a	Horario de titoría para familias
Matemáticas e Valores 1º ESO	Martes de 12:35 a 13:25
Lingua e Literatura Galega/CUCA	Luns de 12:45 a 13:35
Lingua e Literatura Castelá/Francés	Xoves de 12:35 a 13:30
Xeografía e Historia/Latín	Xoves de 10:35 a 11:25
FeQ/Bi e Xe e Valores 4º ESO	Martes de 11:25 a 12:15
Inglés/Valores e Valores 3º ESO	Xoves de 12:35 a 13:25
Tecnoloxía/Música/TICs/EPVA	Luns de 9:45 a 10:35
Educación Física /HVS	Luns de 11:55 a 12:45

No caso do grupo de 1º a 3º, divídense en dous grupos diferentes para facilitar a docencia, con sesións de 50 minutos pero cun 60% das sesións de cada materia, con excepción das especialidades que terán sesións de 35 minutos, en lugar da redución do número de sesións.

As sesións do grupo de 3º de Primaria serán pola tarde para facilitar a conexión coa presenza das familias e que irmáns que están en 1º e 3º poidan facer uso por separado do equipo de conexión.

Ao ser sesións continuas os tempos de conexión serán de 10 minutos ao inicio simplemente.

### 1º E 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	CCNN	LC	CCNN	MATEMATICAS	CCSS
10:20-11:10	LC	MATEMÁTICAS	LC	CCSS	MATEMÁTICAS
11:10-11:25	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
11:25-12:15	LG	LG	EF		
12:15-12:50	RELIXIÓN/ VALORES	MÚSICA	INGLÉS	INGLÉS	TUTORÍA
13.05-13:40				PLÁSTICA	

### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:25-12:15			EF	LG	LG
12:15-12:50	RELIXIÓN/ VALORES	MÚSICA	INGLÉS	INGLÉS	TUTORÍA
13.05-13:40				PLÁSTICA	
			Tarde	Tarde	Tarde
16:30-17:20	LC	CCNN	LC	MATEMÁTICAS	CCSS
17:20-18:10	CCNN	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LC	CCSS

No caso do grupo de 4º a 6º de Primaria o horario será en franxas horarias de 35 (con 10 minutos para a conexión):

### 4º 5º E 6º DE PRIMARIA

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.30-10.20	MATES	LENGUA	MATES	CCNN	LENGUA
10.20-11.10	INGLÉS	MATES	LENGUA	LINGUA	CCNN
11.10-11.25	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11.25-12.15	RELIXIÓN/VALORES	LINGUA	LINGUA	CCSS	LINGUA 4º 5º CCSS 6º



12.15- 12.50	LENGUA	CCSS	INGLÉS	MATES	MATES 5º 6º LENGUA 4º
13.05- 13.40	ED FÍSICA	MÚSICA	ED FÍSICA	INGLÉS	PLÁSTICA

### AL e Música

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
<b>9:30/10:20</b>	Apoio	Apoio	Apoio	CCNN 4º 5º 6º	LG 3º
<b>10:20/11:10</b>	Apoio	Apoio	PEPLO	Apoio	CCNN 4º 5º 6º
<b>11:10/11:25</b>	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
<b>11:25/12:15</b>	LG 1º 2º	LG 1º 2º	Apoio Infantil	LG 3º	Apoio
<b>12:15/12:50</b>	Música Infantil	Música 1º 2º 3º	Apoio Infantil	Apoio Infantil	Plástica 4º 5º 6º
<b>13:05/13:40</b>		Música 4º 5º 6º			

Profesor/a	Horario de titoría para familias
Titora de 4º a 6º de Primaria	Mércores 9:00-10:00
Titor de 1º a 3º Primaria	Luns 12:15-13:15
Mestra de Música e AL	Mércores 11:10-12:15

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requerirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido (**Anexo 2**).

A orientadora do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas Especiais. Manterá contacto periódico coas familias e co alumnado para facer o seguimento. Deberá recoller por escrito toda a información recompilada.

O mesmo día do peche o equipo directivos afrontará cos recursos tecnolóxicos do centro, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Unha vez atendidas trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades **priorizadas** (priorizando ao alumnado con maiores dificultades tanto educativas como socioculturais) de equipos que queden sen cubrir para que sexan trasladadas a Amtega para a súa cobertura inmediata.

Cando todo o alumnado conte coa equipación necesaria para o seguimento da actividade lectiva non presencial organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual resolveranse dúbidas das familias.

## **MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### **Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: 1 semana.

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

#### **Obxectivos:**

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Limpeza dos espazos
- Compra de material de limpeza e protección que se estime necesario.
- Novas sinalizacións.
- Redistribución das mesas nas aulas para extremar a seguridade.
- Aumentar os puntos de información clara e visual para o alumnado coas medidas de prevención e coidado.

### **Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50% en Infantil e Primaria e priorizando sempre ao alumnado con NEE ou con maiores dificultades para a educación a distancia.

No caso de ESO poderá volver todo o alumnado pola ratio de cada aula e as súas dimensión que en ningún caso é superior a 3 alumnos/as por clase.

### **Obxectivos:**

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Medidas de apoio emocional sobre como se afrontou o abrocho.
- Reforzar os contidos que presentasen maior dificultade durante a actividade non presencial.
- Reforzar a formación e aumentar a vixilancia sobre as medidas de distanciamento no tempo de lecer.
- Aumentar a supervisión do correcto fluxo de movementos nos desprazamentos polo centro.
- Reducir os desprazamentos do alumnado de ESO impartindo todas as sesións posibles na súa aula de referencia agás nos casos indispensables.

### Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (3 días)

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 75 % en Infantil e Primaria.

Obxectivos:

- Continuar reforzando os obxectivos da fase 2 co novo alumnado incorporado.
- Nova separación das mesas para acoller ao alumnado que se incorpora, mantendo a máxima distancia posible que permita cada aula de infantil e primaria.

### Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 2 días

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

**Obxectivos:**

- Consolidación e reforzo cando sexa previsto dos hábitos traballados nas fases 2 e 3 incluíndo a todo o alumnado.

## ANEXO 1

Estimada familia:

Comunicolles que se confirmou un caso/brote da Covid-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo ou a súa filla. Ata o momento detectáronse \_\_\_ casos. O SARS- CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa a persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten ao tusir ou esbirrar. Os síntomas poden aparecer ata os 14 días despois de estar en contacto cun caso. A infección pode cursar con síntomas respiratorios como febre, tose ou sensación de falta de aire; con síntomas inespecíficos como a alteración do gusto ou do olfacto, dores musculares, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros; ou tamén pode cursar de forma asintomática.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, é necesario adoptar as seguintes medidas de prevención:

- Un **estudo de contactos** é un proceso mediante o cal se identifican e clasifican aos contactos dun caso confirmado cuns criterios establecidos polas autoridades sanitarias. **Se o/a seu/súa fillo/a é un contacto estreito, desde as autoridades sanitarias, contactarase coa familia para dar as indicacións necesarias.**
- Os **contactos estreitos** deben realizar corentena durante 14 días excepto aqueles que tivesen unha infección previa documentada cunha PCR positiva nos 6 meses previos. En caso de ser un contacto estreito é posible que nos próximos días poidan aparecer síntomas compatibles coa Covid-19, ante os cales deberán permanecer en illamento e contactar telefonicamente co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma.
- O **resto da comunidade educativa**, pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa Covid-19. Se algunha persoa ten condicións de especial vulnerabilidade para a Covid-19 pode acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e así o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir.
- Se o/a menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolve síntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio e contactar telefonicamente cos servizos de saúde.

Pode atopar información sobre as medidas de corentena e illamento na [Web de información para a cidadanía sobre SARS- CoV-2 do SERGAS](#).

Reciban un cordial saúdo,

Sinatura





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**C.P.I. UXÍO NOVONEIRA**  
Estrada Cervantes s/n  
27670 Pedrafita do Cebreiro (Lugo)  
☎ 982870633// 982 870634  
☎ 982870635

[cpi.uxio.novoneira@edu.xunta.es](mailto:cpi.uxio.novoneira@edu.xunta.es)

<http://edu.xunta.gal/centros/cpiuxionovoneira>

## ACTA ENTREGA DE EQUIPOS NO CENTRO

Data: .....

### DATOS DO CENTRO:

**CÓDIGO:** 27015967

**NOME DO CENTRO:** CPI Uxío Novoneira

**LOCALIDADE:** Pedrafita do Cebreiro (Lugo)

Entregase no centro os packs de equipamento e conectividade que a continuación se relacionan para atender situacións que activen o Plan de ensino virtual ante a Covid-19 entre o alumnado. Cada pack esta composto por: ordenador portátil, router wifi e tarxeta SIM. O alumnado destinatario do equipamento é o que sigue:

- 

Recole no centro: ..... Cargo:.....

Firma e selo do centro: